

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A corriza*

Contaba o meu avó que debaixo dunha pena nunha campá enriba de Vilarello de Donís, concello de Cervantes (Lugo), había un encanto.

Parece que uns rapaces puxéronse a escravellar por debaixo da pena e foron indo ata que sentiron unha voz que procedía do interior e que dicía:

□ ¡Fáltame sal,  
que carne teño bastante!

¡Claro, ó sentiren aquilo, trotaron! Viran saír coma unha corriza, coma unha luria envolta que botou polo regueiro abaixo. Dixo o meu avó que eles saíron correndo e non souberan máis nada.

[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo]

## BIBLIOGRAFÍA

### FONTE:

Esta lenda foi recollida a principios da década de mil novecentos noventa en Vilarello de Donís, Cervantes (Lugo).